

SÁBADO 2 DE MAIO 2015

FUNCIÓN: 21.00 h | **DURACIÓN:** 70 min | **PREZO:** 9,00€ (carné xove, +65 anos, desempregados/as, 7,00€) Venda anticipada: 6,00€



Culturactiva

SEDE DE MAL



Sinónimos e sinónimas estes dous anónimos quedaron sen vacacións para ofrecerte a ao seu público unha comedia da vida, unhas ensinanzas evanxélicas, un "leit motiv" para non ser un pimpín!!! Ou queredes ser pimpíns ???

Humor, teatro, música ao vivo con blues e rock and roll "á galega" cos dous dos personaxes máis importantes da escena galega dos últimos anos.

Logo do seu éxito en Matalobos e de xirar con Gaivotas Subterráneas, Luis Iglesia B. e Xabier Deive danlle renda solta ao seu lado máis salvaxe e divertido e presentan SEDE DE MAL, unha comedia a 12 cordas sobre o lado escuro da vida...

AUTORES: CARLOS SANTIAGO, LUÍS IGLESIA B. E XAVIER DEIVE

MÚSICA: ANXO GRAÑA, LUÍS IGLESIA B. E XAVIER DEIVE
INTÉRPRETES: LUÍS IGLESIA B. E XAVIER DEIVE

VENRES 29 DE MAIO 2015

FUNCIÓN: 21.00 h | **DURACIÓN:** 60 min | **PREZO:** 9,00€ (carné xove, +65 anos, desempregados/as, 7,00€) Venda anticipada: 6,00€



Voadora

WALTZ



WALTZ é un conto que fala de amor e desamor, de namoramentos e rupturas, da vida compartida e da lembranza de amores perdidos.

En WALTZ, a vida é un salón de baile onde imos cambiando de parella; hainas que che pisan os pés, outras agárrante forte pola cintura, a algunhas súanlles as mans e con outras bailarías por toda a eternidade....

O máis universal dos temas, o AMOR, sempre está moi presente nas producións da compañía VOADORA. Pero nesta ocasión VOADORA decide lanzarse de cabeza e traballar integramente sobre el dedicándolle un espectáculo en que diseccionar os sentimentos, as emocións e as sensacións extremas que leva consigo este tema universal.

DIRECCIÓN E ESCENOGRAFÍA: MARTA PAZOS
INTÉRPRETES: JOSE DÍAZ, MARTA PAZOS E HUGO TORRES

VENDA DE ENTRADAS E ABONOS

Entradas: 9,00€ (carné xove, +65 anos, desempregados/as, 7,00€)
Venda anticipada: 6,00€

DESPACHO CENTRAL DE BILLETES PRAZA DE OURENSE

De luns a venres, excepto festivos
de 9:30 a 13:00 e de 16:30 a 19:30 h
(só pago en efectivo)

SEDE AFUNDACIÓN

De luns a sábado (inclusive festivos) de 9:00 a 21:00

DESPACHO DE BILLETES DO FÓRUM

Aberto só os días de función desde unha hora antes
(só se quedan entradas dispoñibles)

TELEVENDA: 902 504 500
(de 8:00 a 22:00 h, de luns a sábado)
VENDA EN LIÑA: www.servinova.com



+ info www.coruna.es/cultura



Podes seguir a programación cultural do concello en facebook:
www.facebook.com/CulturaCoruna



CICLO

SEN + NUMERAR

FÓRUM METROPOLITANO

Primavera de 2015



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CORUÑA
CULTURA



SÁBADO 17 DE XANEIRO 2015

FUNCIÓN: 21.00 h | **DURACIÓN:** 90 min | **PREZO:** 10,00€



IMPROMADRID
NUEVO CATCH de IMPRO

Un espectáculo distinto e irrepetible. Dos parejas de actores se enfrentan en el escenario como si fuera una velada de boxeo o un videojuego de lucha. Para ganar deben crear historias a partir de los títulos y las sugerencias del público, que manipula a los actores sin piedad. A lo largo de los siete asaltos que conforman cada velada, el maestro de ceremonias y sus ayudantes ponen distintas reglas y dificultades, ya sean estilos teatrales, géneros literarios o elementos que deben aparecer para que sea más complicado hacer reír al público y construir esas piezas improvisadas. Al final de cada reto el público vota a la pareja que más le ha gustado hasta que resulta un único y digno ganador de la contienda. Todo ello envuelto en un cuidado montaje de luces, sonido y video proyecciones en directo que hacen de cada velada una fiesta.

IMPROVISADORES:
IGNACIO SORIANO E IGNACIO LÓPEZ
PRESENTADORES:
JORGE RUEDA Y TATIANA DE SARABIA

SÁBADO 31 DE XANEIRO 2015

FUNCIÓN: 21.00 h | **DURACIÓN:** 75 min | **PREZO:** 9,00€ (carné xove, +65 anos, desempregados/as, 7,00€) Venda anticipada: 6,00€



aCentral Folque
OS CONTOS DE JOSELÍN

Un espectáculo nacido a partir do libro e disco e protagonizado por Quico Cadaval, Celso Fernández Sanmartín e José Luis Gutiérrez “Guti”, que recrea os contos e os cantares de cego que Rodríguez de Vicente (Joselín) interpretou. O espectáculo complétase cun conto na propia voz de ‘Joselín’ e imaxes da súa época.

Un xeito de transmitir anécdotas folieiras que nos permite comprendernos mellor a nós mesmos e que cubriu pasos longos na evolución da nosa identidade.

Unha historia aínda non contada na que se agochan increíbles figuras como a de Joselín, o narrador galego de máis éxito de todo o século XX.

Cadaval, Celso e Guti funden con enorme habilidade as súas narracións e danlle renda solta á súa capacidade de improvisación narrativa para dar forma a un espectáculo no que os tres evocan a Joselín, nas súas facetas de contador e cantador de historias, e no que abordan temas de actualidade e se establece, en colaboración co público, un circuíto de información alternativo.

INTÉRPRETES:
QUICO CADAVAL, CELSO F. SANMARTÍN
E JOSE LUIS GUTIÉRREZ “GUTI”

VENRES 13 DE FEBREIRO 2015

FUNCIÓN: 21.00 h | **DURACIÓN:** 76 min | **PREZO:** 9,00€ (carné xove, +65 anos, desempregados/as, 7,00€) Venda anticipada: 6,00€



Los Lunes
CUERDAS

Tres hermanos reciben una carta de su padre, funambulista de fama internacional, anunciándoles su retirada e invitándoles a ver su última actuación. A sus espaldas una retahíla de reproches y rencores. Ante ellos un viaje cargado de dudas y esperas, de carreras hacia delante y pasos atrás, de equilibrios y desequilibrios sobre la cuerda. Hasta que llegue el gran salto.

Se trata de una historia de viaje, un paso al vacío, a esos huecos de la infancia que buscan rellenarse en la edad adulta, sin éxito. Es eso que nos mueve a obtener respuestas sin saber exactamente cuál es nuestra pregunta. Es apenas un reflejo roto de tres hombres únicos.

“Uno debería escoger lo que se hereda y lo que no”
Cuerdas.

TEXTO: BÁRBARA COLIO
DIRECCIÓN: FEFA NOIA
INTÉRPRETES: DAVID LUQUE, QUIQUE FERNÁNDEZ/
ALEJANDRO SAA, CARLOS MARTOS/ ÓSCAR DE
LA FUENTE

SÁBADO 14 DE MARZO 2015

FUNCIÓN: 21.00 h | **DURACIÓN:** 60 min | **PREZO:** 9,00€ (carné xove, +65 anos, desempregados/as, 7,00€) Venda anticipada: 6,00€



A Panadaria
PAN; PAN;

PAN!PAN! conta a historia de Harry, un cowboy americano que viaxa de Mississippi a Arkansas perseguindo a un indio salvaxe que roubou a súa muller, da que está profundamente namorado. A través da aventura deste antiheroe, redescubriremos ese mundo sen lei dos ranchos vaqueiros, as fedorentas cantinas e os desertos cheos de perigos. Como nunha película do Far West, haberá whisky, balas e country. Amor e vinganza a partes iguais!

Partindo dun escenario baleiro, e como na nouvelle cuisine, desmontamos, cuestionamos e reconstruímos os vellos westerns do afastado oeste. Unha homenaxe de tres actrices, con moito humor e tranca, a esas películas cheas de homes salvaxes e sucios coas que nós, os nosos pais e avós medraron. 8 personaxes, 5 espazos e toda a banda sonora desta obra creada por só tres intérpretes. Todo en directo, sen artificios, sen trampa nin cartón!

1.º PREMIO XUVENTUDE CREA 2013

DIRECCIÓN CONXUNTA: ARETA BOLADO,
NOELIA FERNÁNDEZ E AILÉN KENDELMAN
INTÉRPRETES: ARETA BOLADO, NOELIA
FERNÁNDEZ E AILÉN KENDELMAN

VENRES 27 E SÁBADO 28 DE MARZO 2015

FUNCIÓN: 21.00 h | **DURACIÓN:** 60 min | **PREZO:** 9,00€ (carné xove, +65 anos, desempregados/as, 7,00€). Venda anticipada: 6,00€



Floristería
EU ENCARGÁBAME DOS NENOS

Rechamante, extremadamente versátil, funcional, vai con todo... Recoller os nenos, presentar a documentación en Facenda, poñer a lavadora... Facer as camas, organizar reunión executiva, mercar o pan... pedraría, charón, todo charón, manga ancha, corte ao biés, caxemira, saia lapis... Moi axustado, demasiado solto, algo caído, incómodo e pouco práctico...

Tres actores sobre un escenario construído a partir da acción e a manipulación de obxectos. Unha busca polo esquecido: presente, e con todo, oculto na sociedade actual. A peza materialízase a través dunha posta en escena sinxela chea de momentos máxicos (surrealistas e ao mesmo tempo reais) para falar de igualdade -un tema cheo de connotacións- desde un lugar no que ao espectador se lle permite considerar as diferentes realidades e contradicións que cohabitan hoxe na sociedade contemporánea.

Un espectáculo divertido e rápido que afonda no pasado para reflexionar sobre esa complexa realidade na que nos tocou vivir...

CREACIÓN, DIRECCIÓN E INTERPRETACIÓN:
VICTORIA PÉREZ, LAURA VILLAVERDE,
MANU FERNÁNDEZ

VENRES 24 DE ABRIL 2015

FUNCIÓN: 21.00 h | **DURACIÓN:** 60 min | **PREZO:** 9,00€ (carné xove, +65 anos, desempregados/as, 7,00€). Venda anticipada: 6,00€



Teatro de Ningures
PEGADAS

Cada pegada é o recordo dunha obra, dunha escena, dun personaxe. Casilda Alfaro recupera nove personaxes que interpretou en sete montaxes ao longo dos vintecinco anos de traballo na compañía e que deixaron marca na súa experiencia como actriz: María Soliño, do espectáculo homónimo; a tía solteirona, a viúva e o militar de Tic-Tac; a muller do accidente de tráfico de Círculo; a cobradora da empresa de auga de Emigrados; Benigna de Misericordia; Nazaria de Atra Bile; Écuba de Troianas.

Son mulleres e un home, que viviron perdidos nun tempo mais que non se foron de todo, quedaron sempre as melodías das súas voces e fican anicadas por algún agocho, e ás veces falan así, por sorpresa, para volver ao seu recuncho deseguido.

Son pegadas que foron quedando e ao mesmo tempo mudando a súa face.

INTÉRPRETE: CASILDA ALFARO